



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA DE 3 DE MAIO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

PROXECTOS DE LEI

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Proxecto da Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de creación da categoría de enfermeiro especialista en Saúde Mental
- Decreto polo que se crean as xerencias de atención primaria de Pontevedra e Vigo

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental "AP-53. Autoestrada Santiago de Compostela- Ourense. Treito: alto de San Domingos A-52". Ramal a Carballiño e enlace de Maside"
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Vicente Irisarri como presidente de Portos de Galicia, agradecéndolle os servizos prestados

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Santiago Domínguez Olveira como director xeral para o Deporte, agradecéndolle os servizos prestados
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Marta Patricia Souto González como delegada provincial da Consellería de Cultura e Deporte en Pontevedra



- Decreto polo que se nomea a Marta Patricia Souto González como directora xeral para o Deporte

## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consello da Xuventude de Galicia para o financiamento das actividades do Consello no exercicio 2007
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, os concellos de Burela, Cervo, Ferrol e Foz, a universidade de Santiago de Compostela, a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol, a Asociación Afammer Galicia, a Asociación Sociocultural de Minusválidos de Ferrol e a Cruz Vermella Española, para o desenvolvemento do proxecto Diana dentro da iniciativa comunitaria EQUAL

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Preescolar na Casa, para a promoción da cultura e da lingua galega, mediante o programa "Preescolar na Casa-Educación en Familia"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para a realización do Plan nacional de localización xeográfica dos municipios de Galicia, dentro do Plan nacional de referenciación xeográfica municipal

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Facenda para a adquisición directa dun inmovible na rúa Emilia Pardo Bazán

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dezanove millóns sesenta e dous mil oitocentos cincuenta e nove euros con trinta e tres céntimos da obra: mellora de trazado e capacidade C-550 Cee-Tui. Treito: Muros- Noia. Subtreito: límite municipal de Muros con Serra de Outes-Noia

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Poio para o proxecto de construción de beirarrúas e mellora da seguridade viaria na PO-308 Pontevedra- A Lanzada no termo municipal de Poio. Zona de Raxó
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para o mantemento e actualización do portal web de información urbanística de Galicia.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coa orde pola que se convocan para o curso académico 2006-2007 as axudas do programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no sistema universitario de Galicia

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Padroado da Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento dun programa para o tratamento e rehabilitación da dependencia alcohólica
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 4.200 metros, feita a título gratuito polo Concello de Vigo (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde en San Paio de Navia.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de acondicionamento da estrada AC-400, no treito Muros-Paxareiras (antiga AC-403 Muros-Santa Comba), nos concellos de Muros, Carnota e Mazaricos, sobre a dos montes veciñais en man común Costa Grande, Torea, Figueiroa, Cornes, Sestaio, San Mamede e Paxareiras (provincia da Coruña).

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Piñor para a execución da obra de actuacións e dotación de servizos de abastecemento. Abastecemento de auga a Piñor (Ourense), por importe de 950.000 €.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Lalín para a execución da obra de actuacións e dotación de servizos de abastecemento. Ampliación da rede municipal de abastecemento á zona norte do Concello de Lalín, por importe de cento noventa e tres mil setenta euros con corenta céntimos.

## O GOBERNO GALEGO APROBA O PROXECTO INTEGRAL DA LEI GALEGA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- O borrador desta normativa foi o resultado dun proceso participativo, no que estiveron presentes máis de 60 colectivos relacionados coa violencia de xénero
- O texto fai especial fincapé na prevención e na educación, proponendo a revisión dos currículos educativos para fomentar a igualdade
- A lei establece un protocolo único de actuación en materia sanitaria e garante a atención psicolóxica gratuíta
- O texto garante a axuda económica ás vítimas e crea un fondo de garantía para cubrir o impago de indemnizacións
- A normativa recolle a atención xurídica permanente e gratuíta ás vítimas
- A Xunta impulsará e traballará na posta en marcha de dispositivos de alarma e teleasistencia para as mulleres en situacións de risco

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Proxecto da lei para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, de tal xeito que agora o texto legal será elevado a tramitación parlamentaria. A Xunta destaca esta normativa como unha lei pioneira en Europa e en España pola visión integral e multidisciplinar do fenómeno da violencia de xénero, o que a situará como un elemento decisivo na loita contra a violencia de xénero en Galicia.

O borrador desta normativa foi o resultado dun proceso participativo, no que a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar quixo implicar a todas as asociacións, colectivos, entidades e institucións relacionadas dalgún xeito coa violencia de xénero en Galicia. A Secretaría Xeral de Igualdade mantivo encontros con máis de sesenta colectivos ao inicio do proceso de redacción desta lei, encontros moi frutíferos nos que o departamento autonómico recibiu as suxestións, opinións e pareceres sobre a loita contra a violencia de xénero en Galicia dende moi distintos ámbitos, tanto das asociacións de mulleres, coma dos medios de comunicación, o poder xudicial ou as forzas e corpos de seguridade do Estado.

Co obxectivo de darlle a máxima celeridade posible ao proceso e garantir a aplicación inmediata da nova norma, a Xunta de Galicia acelerou dende o principio todos os trámites, co obxectivo de dotar a Galicia dun instrumento legislativo efectivo para a loita contra a violencia de xénero. O Goberno galego agarda agora o maior consenso parlamentario posible para sacar adiante este texto legal tan importante para loitar contra a lacra da violencia de xénero.



### Prevención, formación e educación

A lei para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero dotará a Galicia dun instrumento legislativo efectivo para loitar contra a violencia de xénero dende unha perspectiva integral e mediante o establecemento de medidas específicas de loita contra os malos tratos. Entre estas medidas, hai unha clara aposta pola prevención. Así, o texto contempla tamén a formación de todos os profesionais que traballan directa ou indirectamente en ámbitos relacionados coa violencia contra as mulleres. Deseñará ademais programas específicos de formación nesta materia, que estarán a disposición de calquera organismo e da sociedade civil en xeral para a súa aplicación nas distintas accións formativas.

Así mesmo inclúe medidas no eido educativo e da investigación. Nesta liña, propón unha serie de medidas referidas á necesidade de impulsar a investigación e estudos sobre a violencia de xénero, as súas causas e consecuencias. No eido educativo, contéplase unha maior formación, tanto para os docentes do ensino obrigatorio como do universitario. Neste sentido, plantéxase a revisión dos currículos educativos e plans de accións titoriais, co fin de dotar dun maior número de mecanismos para detectar situacións de desigualdade. Ademais fomentárase que os consellos escolares desenvolvan medidas en prol da igualdade.

### Sanidade

Son importantes tamén as medidas de protección e asistencia no ámbito sanitario. Destaca neste sentido a obrigatoriedade que terán os plans de saúde de recoller medidas específicas para a prevención, detección, atención e intervención nos casos de violencia de xénero. Neste contexto, salienta a consideración da atención e asistencia psicolóxica, que procurará a rehabilitación total da paciente. Estes servizos serán accesibles e gratuítos tanto para a muller como para os menores.

Na área sanitaria desenvolverase un protocolo, con pautas uniformes de actuación, no que se establecerá un cuestionario para a detección precoz da violencia de xénero na atención primaria e un parte de lesións único e universal, que será de obrigado cumprimento para os profesionais. Isto, xunto coa creación do rexistro de casos, permitirá dimensionar o problema e ter máis posibilidades para detectar posibles agresións.

### Axuda social e económica

O proxecto prevé así mesmo a posta en marcha dun Centro de Recuperación Integral, que ofrecerá ás vítimas de malos tratos atención e información integral sobre os recursos ao seu alcance. Ademais o texto recolle a protección económica das vítimas, co fin de garantir a súa independencia económica respecto dos seus agresores, polo que deste xeito, o salario da liberdade quedará garantido por lei. Ademais, a Xunta

pretende crear un fondo de garantía a favor das mulleres que sofren malos tratos, para cubrir o impago das indemnizacións establecidas xudicialmente. Facilitarase igualmente o acceso destas mulleres á Renda de Integración Social de Galicia (Risga) e a súa inclusión con carácter preferente en todos os programas de formación e inserción laboral.

Entre as novidades que se recollen están tamén a creación dunha Comisión Interdepartamental de Igualdade, como órgano no que se plasma o compromiso de todos os departamentos autonómicos no desenvolvemento da norma, así como a constitución dun Consello Galego das Mulleres, como órgano institucional de carácter consultivo, que entre outras funcións terá a de colaborar coa Xunta de Galicia no desenvolvemento e aplicación desta lei. Prevese ademais a posta en marcha dun Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero, que realizará análises sobre a violencia de xénero en Galicia e centralizará a información e os datos sobre esta problemática no noso país.

#### Avances no emprego

As mulleres que sofren violencia de xénero será colectivo preferente na totalidade das axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal. Así mesmo desenvolverase un réxime de axudas específico para as mulleres que decidan constituírse como traballadoras autónomas e para as empresas que contraten a este colectivo. Terán integración preferente en todos os programas de formación ocupacional e impulsaranse planos de igualdade nas empresas.

#### Apoio xurídico

Coa entrada en vigor desta lei ampliarase e potenciarase o servizo de atención 24 horas, que garante a atención xurídica permanente todos os días do ano. Así mesmo, o servizo de orientación xurídica dos colexios profesionais da avogacía garantirá unha información e atención xurídica especializada en materia de violencia de xénero e, no que atinxe á asistencia letrada, que será gratuíta, a totalidade dos colexios disporán de quenda de oficio en materia de violencia de xénero.

Continuarase ademais a mellorar o punto de coordinación das ordes, lugar no que se leva un seguimento individualizado de cada caso, e no que especialistas se poñen en contacto coas vítimas para ofrecer os mecanismos que precisen segundo sexa o caso.

Tamén dentro do apartado dedicado á protección, o Goberno galego impulsará o deseño e implantación de dispositivos de alarma e teleasistencia para as mulleres que sofren situacións de risco. Destaca así mesmo a potenciación da rede de centros de



acollemento, que ofrece recursos residenciais especializados e temporais para a atención destas mulleres, así como para os menores ao seu cargo.

#### Vivenda

A Xunta garantirá o dereito a unha vivenda das mulleres que sofren violencia de xénero e serán colectivo prioritario nas promocións públicas e poderase reservar un número de vivendas adaptadas para mulleres con mobilidade reducida de carácter permanente. Así mesmo, as mulleres maiores con discapacidade serán consideradas colectivo feminino preferente para acceder ás residencias públicas.





---

## SANIDADE DESDOBRA A XERENCIA DE ATENCIÓN PRIMARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E CREA DÚAS XERENCIAS ESPECÍFICAS, A DE PONTEVEDRA E A DE VIGO

- Esta medida ten como obxectivo mellorar a actual Xerencia de Atención Primaria da provincia de Pontevedra, que ten adscritas arredor de 950.000 persoas, o que a converte na máis numerosa de España
- A Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra comprenderá as áreas de saúde de Pontevedra, o Salnés, e inclúe tamén os concellos da comarca do Deza
- A Xerencia de Atención Primaria de Vigo comprenderá a área de saúde de Vigo
- Con esta medida, Sanidade ratifica a súa aposta pola Atención Primaria co fin de ir implantando un modelo de xestión máis racional e eficiente

O Consello da Xunta de Galicia celebrado hoxe aprobou un decreto polo que, tras a segregación da actual Xerencia de Atención Primaria da provincia de Pontevedra, se crean dúas Xerencias de Primaria específicas para cada área de saúde; a Xerencia da área norte, a de Pontevedra; e a Xerencia da área sur, a de Vigo.

Esta medida de desdoblamento da actual Xerencia de Pontevedra-Vigo faise necesaria pois o ámbito xeográfico que está a abranguer a actual -toda a provincia de Pontevedra-, supón unha poboación de ao redor de 950.000 habitantes e 116 centros asistenciais, sendo a Xerencia máis grande do territorio español, cun dimensionamento que supón unha estrutura difícil de xestionar.

Estes 950.000 habitantes constitúen preto do 35 por cento da poboación total de Galicia, quedando o 65 por cento restante distribuído entre as outras catro Xerencias de Primaria (A Coruña, Lugo, Ourense e Santiago), ademais da Xerencia Única de Ferrol.

Coa creación de ambas as xerencias, a Sanidade pública galega pretende racionalizar a xestión das áreas de saúde, cunhas estruturas de dirección territorialmente dimensionadas, con coberturas poboacionais equilibradas, que faciliten aos órganos directivos unha xestión con criterios de eficacia e eficiencia. Supón tamén o cumprimento do anuncio feito en decembro pasado polo propio presidente da Xunta de Galicia e supón un reflexo da aposta pola Atención Primaria do Goberno galego.

### Dúas novas Xerencias na provincia

A nova Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, que terá unha poboación asignada de 368.470 habitantes, abranguerá os concellos de: Agolada, Rodeiro, Dozón, Lalín, Vila de Cruces, Silleda, Forcarei, A Estrada, Cerdedo, Pontecesures, Valga, Cuntis, Catoira, Caldas de Reis, Moraña, CampoLameiro, Cotobade, A Lama,



Vilagarcía de Arousa, Portas, Barro, Pontevedra, PonteCaldelas, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Ribadumia, Meis, Poio, Marín, Vilaboa, Soutomaior, Cambados, Meaño, O Grove, Sanxenxo e Bueu.

O número de centros asistenciais será de 60, desagregados en 49 centros de saúde e 11 consultorios periféricos. Os hospitais de referencia serán o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago para os concellos de: Lalín, Vila de Cruces, Silleda, Agolada, Dozón, Rodeiro, A Estrada, Pontecesures e Valga; o Hospital de Salnés para os concellos de: Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Cambados, A Illa de Arousa e Ribadumia, e o Complexo Hospitalario de Pontevedra para o resto.

#### Xerencia de Vigo

A nova xerencia de Vigo, que terá unha poboación asignada de 576.415 habitantes, abranguerá os seguintes concellos: Crecente, Fornelos de Montes, O Covelo, A Cañiza, Arbo, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pazos de Borbén, Pontearreas, As Neves, Salvaterra de Miño, Redondela, Mos, O Porriño, Salceda de Caselas, Moaña, Cangas, Vigo, Nigrán, Gondomar, Tui, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda e Tomiño.

O número de centros asistenciais será de 56, desagregados en 45 centros de saúde e 11 consultorios periféricos, sendo os hospitais de referencia o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e Povisa.

## A CONSELLERÍA DE SANIDADE CREA A CATEGORÍA DE PERSOAL DE ENFERMARÍA ESPECIALISTA EN SAÚDE MENTAL

- O Servizo Galego de Saúde potencia así a prestación de servizos de persoal especializado nos dispositivos de saúde mental

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace ao decreto que crea a categoría de enfermeiro ou enfermeira especialista en Saúde Mental. O Servizo Galego de Saúde considera oportuna esta medida, unha vez finalizado o proceso extraordinario de consolidación de emprego e aprobado o Plan de Saúde Mental de Galicia, co fin de potenciar a prestación de servizos de persoal especializado nos dispositivos de saúde mental.

Polo tanto, créase no Servizo Galego de Saúde, dentro do grupo de persoal de formación universitaria, subgrupo de diplomados con título de especialista en ciencias da saúde, a categoría estatutaria de persoal de enfermeiría especialista en Saúde Mental.

Esta creación permitirá a progresiva dotación de prazas de diplomados ou diplomadas especialistas, en atención á planificación de necesidades e aos recursos dispoñibles de persoal titulado, e a incorporación deste último ás ditas prazas en condicións de pleno recoñecemento normativo e profesional.

A medida aprobada hoxe non afectará ás funcións e facultades profesionais propias das diplomadas e diplomados universitarios en Enfermaría, como persoal responsable de coidados xerais, nin ao desempeño de postos de traballo que non teñan a denominación de especialista.

Corresponde ás enfermeiras e enfermeiros especialistas en Saúde Mental o desenvolvemento das funcións inherentes ás competencias profesionais especificadas no programa de formación da especialidade aprobado de acordo á normativa regulamentadora das profesións sanitarias. Estas funcións desenvolveranse, en primeiro lugar, nos ámbitos asistenciais, docente, de xestión clínica, de administración, investigador, de prevención e de información e educacións sanitarias.

En segundo lugar, para os individuos, grupos ou familias, na institución sanitaria ou no seu domicilio. En terceiro termo, con participación nas accións de coordinación sociosanitaria que se determinen. En cuarto lugar, con especial atención á rehabilitación psiquiátrica e psicosocial dos pacientes e á continuidade de coidados. Por último, naqueles eidos que se determinen no Plan de Saúde Mental de Galicia.



## A XUNTA APROBA INICIAR OS TRÁMITES PARA A CONSTRUCCIÓN DO RAMAL AO CARBALLIÑO E ENLACE COA AUTOVÍA LIBRE DE PEAXE DOZÓN DE OURENSE, QUE CONTA CUN ORZAMENTO DE 27,5 MILLÓNS DE EUROS

- Iníciase así o proceso de expropiacións dos 414 predios afectados por esta obra, que permitirá que o tráfico xerado nos núcleos do Carballiño e Maside poida circular por unha vía de alta capacidade
- As obras iniciaránse no cuarto trimestre deste ano

O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados do ramal ao Carballiño e enlace de Maside dende a autoestrada libre de peaxe AG-53 entre Dozón e Ourense. As obras deste ramal iniciaránse o cuarto trimestre deste ano.

Con este trámite administrativo iníciase o proceso de expropiacións dos 414 predios afectados por esta obra, que permitirá que o tráfico xerado nos núcleos do Carballiño e Maside poida circular por unha vía de alta capacidade (de 5,2 quilómetros) en condicións de máis seguridade e comodidade

O orzamento global do ramal ao Carballiño e o enlace de Maside ascende a 27,5 millóns de euros, dos cales 2,66 millóns se destinan ao pagamento das expropiacións dos terreos, todos eles situados no termo municipal de Maside.

## A XUNTA FINANCIARÁ CON 240.000 EUROS AS ACTIVIDADES DO CONSELLO DA XUVENTUDE NO PRESENTE ANO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración a través do cal o Consello da Xuventude promocionará a participación e o asociacionismo xuvenil, entre outras cuestións
- O obxectivo deste convenio é garantir o fomento da participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consello da Xuventude Galicia a través do cal se financiarán todas as actividades desenvolvidas por este organismo durante o presente ano. O obxectivo deste convenio é garantir o fomento da participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural, así como promover as actividades de promoción do asociacionismo e mellora da calidade de vida dos mozos e mozas galegos. Ademais, a través deste acordo cubriranse todos os gastos ordinarios de funcionamento desta institución durante o presente ano.

Segundo se establece no acordo de colaboración que asinarán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consello da Xuventude de Galicia, esta entidade comprométese a destinar o orzamento recibido á realización de actividades destinadas á xuventude, axustadas aos fins e obxectivos que recolle o artigo segundo da Lei 2/1978, do 8 de maio, do Consello da Xuventude de Galicia. Ademais, o Consello da Xuventude colaborará co departamento autonómico na achega de datos de asociacións xuvenís, información e documentación xuvenil.

O Consello da Xuventude de Galicia é unha entidade institucional representativa do feito asociativo galego, con personalidade xurídica propia e con capacidade para interrelacionar as asociacións xuvenís en xeral e transmitir ante os poderes públicos as inquiredanzas da mocidade galega. Ten como finalidade a promoción da participación da mocidade galega na vida política, socioeconómica e cultural do país; a representación e defensa dos dereitos e intereses da mocidade perante as administracións públicas e a sociedade; a extensión da política de desenvolvemento comunitario e de animación sociocultural no eido da mocidade; a promoción do asociacionismo xuvenil e a busca de canles de información e colaboración coas distintas organizacións xuvenís.



---

## O GOBERNO GALEGO IMPULSARÁ A INSERCIÓN LABORAL DAS MULLERES A TRAVÉS DO PROXECTO DIANA

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá un convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar con concellos e entidades sociais para o desenvolvemento de actividades na zona norte de Galicia
- O programa actúa en tres eixes de carácter xeral: a investigación para promover a actividade e o emprego, a cooperación coas empresas e as entidades do territorio e a atención ás persoas beneficiarias

O Consello da Xunta, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos de Burela, Cervo, Ferrol e Foz, a Universidade de Santiago, a Cámara de Comercio de Ferrol, a Asociación Afammer Galicia, a asociación sociocultural de Minusválidos de Ferrol e a Cruz Vermella española, para o desenvolvemento das actuacións programadas para o ano 2007 dentro do proxecto Diana.

Este proxecto ten como obxecto favorecer a integración laboral de persoas desempregadas de longa duración, fundamentalmente mulleres e mulleres inactivas, que ademais presentan algunha problemática engadida que dificulta a busca dun posto de traballo, como é ser inmigrante, emigrante retornada, maior de 45 anos ou muller soa con responsabilidades familiares, entre outras.

O obxectivo xeral do proxecto Diana é favorecer a inserción laboral, poñendo en marcha unha nova estratexia de intervención integral que actúa en tres eixes de carácter xeral: a investigación para promover a actividade e o emprego, a cooperación coas empresas e as entidades do territorio e a atención ás persoas beneficiarias.

Trátase de experimentar unha nova metodoloxía para a inserción laboral baseada na investigación e o autodescubrimento como método para facilitar o desenvolvemento de competencias persoais e sociais. As iniciativas do proxecto Diana pretenden, ademais, xerar novos coñecementos e know-how sobre o conxunto de aspectos que enmarcan as problemáticas do desemprego de longa duración. Nesta liña, preténdese experimentar un novo enfoque baseado na responsabilidade social corporativa e na coordinación e a cooperación coas entidades que traballan neste eido, ademais de adaptar as políticas de emprego ás características específicas dos ámbitos territoriais de aplicación destas.

As actuacións que se levan a cabo, de carácter transversal, garanten a igualdade de oportunidades e a conciliación, e queren fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, e o respecto polo medio natural.



O orzamento total do proxecto é de 1.807.000 euros, cun período de execución do 2005 ao 2007. O orzamento correspondente a anualidade do 2007, que se recolle neste convenio, ascende a 367.467 euros, dos que a Vicepresidencia achega 330.720 (cofinanciados polo Fondo Social Europeo) e as entidades 36.746 euros.

Estas actuacións estanse levando a cabo nos concellos de Ferrol, Burela, Cervo e Foz, e xa están incorporadas ao proxecto case 450 persoas, co que se teñen superado os obxectivos iniciais, que se fixaban en 350 beneficiarios e beneficiarias.

O proxecto Diana está enmarcado dentro da iniciativa comunitaria Equal, destinada a fomentar e promover novos métodos de loita contra as discriminacións e desigualdades de toda clase en relación co mercado de traballo, nun contexto de cooperación transnacional.



## A XUNTA ACHEGARÁ 189.000 EUROS PARA A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DOS MUNICIPIOS DE GALICIA

- Segundo un acordo entre a Consellería de Presidencia e o Ministerio de Fomento que foi aprobado hoxe polo Consello
- Colocaranse nas sedes dos concellos placas con información sobre as súas coordenadas xeodésicas -latitude, lonxitude e altitude-

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio de Fomento -a través da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional (IGN) e o Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIG)- para a realización do Plan Nacional de localización xeográfica dos municipios de Galicia, dentro Plan Nacional de Referenciación Xeográfica Municipal. A Xunta achegará para este obxectivo un total de 189.000 euros.

Este plan consiste na dotación de coordenadas xeodésicas aos concellos galegos, realizando traballos topográficos de campo, e na fabricación e colocación de placas ornamentais co nome do municipio e as devanditas coordenadas xeodésicas dos puntos de cada concello definidos como relevantes no convenio, que corresponden á fachada principal do edificio en que se albergue a sede administrativa deste (no caso en que contase con varias sedes, na que teña o seu despacho oficial o alcalde).

O proxecto nace da necesidade do Rexistro Central de Cartografía do IGN de establecer unha base de datos actualizada de todos os municipios de España cunha xeorreferenciación nun punto concreto e identificable destes nos cales basear futuros traballos cartográficos globais, como por exemplo, puntos de referenciación en sistemas de información xeográfica.

### Traballos de campo

Así, o Instituto Xeográfico Nacional realizará traballos topográficos de campo que inclúen a toma de datos mediante instrumentación xeodésica, o cálculo das coordenadas xeodésicas -latitude, lonxitude e altitude- do punto elixido e a formación dunha base de datos onde se poida ofrecer ao cidadán cartografía, ortofotografías e toda a información xeográfica dispoñible sobre o concello. Pola súa banda, a colocación das placas ornamentais ten como finalidade chamar a atención os cidadáns sobre a cultura cartográfica con datos acerca de onde está situado o seu concello.

Esta actuación desenvolverase en dúas etapas: na primeira realizarase a localización xeográfica e a instalación de placas ornamentais dos 119 municipios galegos con





máis de 5.000 habitantes; mentres que na segunda se levará a cabo o mesmo procedemento nos 196 municipios restantes.

A achega económica da consellería efectuarase contra a presentación por parte do Instituto Xeográfico Nacional das correspondentes facturas das placas ornamentais, acompañadas da certificación do órgano competente verificando o cumprimento da finalidade do convenio.



---

## POLÍTICA LINGÜÍSTICA COLABORA COA FUNDACIÓN PREESCOLAR NA CASA NA PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NOS PRIMEIROS ANOS DE VIDA DOS CATIVOS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e Preescolar na Casa, para fomentar o uso do galego entre os nenos e nenas de 0 a 6 anos
- O departamento autonómico financia con 200.000 euros o desenvolvemento do programa Preescolar na Casa-Educación en Familia

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Preescolar na Casa renovan a colaboración para darlle continuidade ao desenvolvemento do programa Preescolar na Casa-Educación en Familia. Así o acordou esta mañá o Consello da Xunta.

O convenio pretende motivar no uso do galego nos primeiros anos de vida da persoa para que os rapaces e as rapazas de entre 0 a 6 anos medren nun ambiente onde a lingua galega sexa a habitual. Preescolar na casa vén desenvolvendo desde o ano 1977 un programa de educación no medio rural, que se realiza integramente en lingua galega. A través de grupos de traballo, charlas colectivas e da divulgación nos medios de comunicación, a fundación intervéñe de maneira directa con 4.150 familias dun 82% dos concellos de Galicia.

Motivar no emprego da lingua galega a familias que esperan o primeiro fillo, promover o emprego do galego como medio de comunicación entre as familias e nenos que participan nas actividades do programa, darlles a coñecer ás familias materiais e recursos en lingua galega para a educación dos fillos ou incentivar o emprego do galego entre os diferentes sectores e institucións das áreas xeográficas onde se desenvolve o programa son algúns dos obxectivos de Preescolar na Casa.

### Medidas de orientación e divulgación

As actuacións que se van desenvolver ao abeiro deste convenio céntranse na orientación e na divulgación entre as familias. Entre as accións que se contemplan, figuran reunións periódicas coas familias que participan no programa, charlas destinadas a familias e profesionais da educación ou a elaboración de cinco números da revista periódica de contido pedagóxico. Xunto a estas medidas, seguirase realizando o programa de televisión semanal para a súa emisión na TVG, ademais da elaboración de diversos programas de radio ou a participación en diferentes medios de comunicación.

Política Lingüística destina 200.000 euros ao financiamento do programa Preescolar na Casa.

## A CORUÑA ALBERGARÁ A SEDE DO REXISTRO CIVIL DA PROVINCIA NUN NOVO EDIFICIO QUE MELLORARÁ A PRESTACIÓN DE SERVIZOS AOS CIDADÁNS

- As características do inmovible adáptanse ás necesidades do rexistro civil en canto a situación, accesibilidade, organización de espazos, e prestación de servizos como os de atención ao público, arquivo, oficina e mesmo a celebración de vodas
- O edificio está situado na céntrica rúa Emilia Pardo Bazán, entre o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e os xulgados da Avenida de Monforte, e permitirá liberar espazos na súa actual ubicación para outros servizos xudiciais

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía e Facenda a formalizar a adquisición do edificio sito na rúa Emilia Pardo Bazán nº 24 na cidade de A Coruña coñecido como Edificio Equitativa co fin de ubicar nel a sede do Rexistro Civil da provincia. Segundo a proposta da Consellería de Presidencia e no marco do plan de creación de novos xulgados que desenvolve a Administración, realízase a compra deste inmovible emblemático situado dentro do casco urbán da Coruña e próximo ao Tribunal de Xustiza de Galicia e aos Xulgados sitos na Avenida de Monforte.

Cómpre destacar as peculiares características deste inmovible singular de A Coruña en canto a espazo e distribución, normativa de obrigado cumprimento, iluminación, ventilación, instalacións e servizos. Ademais, a súa ubicación nunha zona céntrica, moi ben comunicada e con dispoñibilidade de aparcamentos nas proximidades e con acceso frontal a unha praza pública e dúas entradas a rúas diferentes, facilita a separación dos usos do rexistro e da zona de celebración de vodas. Todas estas características, xunto coa urxencia na creación de novos xulgados no primeiro semestre do ano 2007, motivou a súa adquisición directa.

Este edificio de referencia na cidade, ubicado nunha zona residencial e comercial en pleno ensanche da cidade de A coruña dispón dunha superficie construída de 946,6 metros cadrados e o seu prezo de adquisición é de 3.245.465 euros.

O tamaño deste edificio e a súa ubicación permite acoller con folgora as dependencias de atención ao público, os despachos dos profesionais que desenvolverán nel o seu labor diario a oficina do Rexistro Civil, un Salón de Actos con acceso independente dende o exterior contando cos requisitos axeitados para que nel se poida habilitar una sala onde celebrar vodas civís. Ademais, con esta adquisición liberaranse espazos na súa ubicación actual, na rúa Juan Varela, que poderán ser utilizados por outros servizos xudiciais.



## POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 19 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DO TRAZADO DA AC-550 DESDE O LÍMITE MUNICIPAL DE MUROS CON SERRA DE OUTES ATA NOIA

- Esta actuación ten por obxecto aumentar a seguridade viaria nunha estrada que se caracteriza por aglutinar un gran número de desprazamentos locais
- Esta infraestrutura moderna, segura e con suficiente capacidade contribuirá a potenciar o desenvolvemento económico da zona e a mellorar a calidade de vida dos cidadáns da súa área de influencia

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o gasto de 19 millóns de euros para acometer as obras de mellora do trazado e capacidade da estrada AC-550 no treito que vai dende o límite municipal entre os concellos de Muros e Serra de Outes ata Noia.

A actuación deseñada por Política Territorial ten por obxecto aumentar a seguridade viaria nunha estrada que se caracteriza por aglutinar un gran número de desprazamentos locais (tanto de vehículos como de peóns) e que na maior parte do seu percorrido discorre en travesía por núcleos de poboación, como é o caso do da Serra de Outes, entre outros. O proxecto inclúe a construción dun treito de nova vía en variante que evitará atravesar o núcleo urbano da Serra de Outes.

O deseño do trazado actual crea incomodidade para os condutores e perigo e impacto visual e sonoro para os habitantes destes núcleos, ademais de que os tempos de percorrido entre as localidades de Muros e Noia son moi elevados. As obras que se levarán a cabo, ademais de lograr un menor tempo de viaxe nos desprazamentos, permitirán eliminar os tramos de concentración de accidentes e, como consecuencia, garantir un aumento da seguridade na circulación.

Os responsables da CPTOPT consideran que é necesario dotar o eixo Muros-Noia dunha infraestrutura moderna, segura e con suficiente capacidade para que contribúa ao desenvolvemento económico e á mellora da calidade de vida dos cidadáns da súa área de influencia.



---

## A XUNTA INVESTIRÁ 464.000 EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA PO-308 NA TRAVESÍA DE RAXÓ, EN POIO

- A actuación, que se realizará mediante un convenio co Concello, inclúe a construción de beirarrúas

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Poio para a construción de beirarrúas e mellora da seguridade viaria na PO-308 Pontevedra-A Lanzada na travesía de Raxó. A actuación ten un orzamento total de 928.689,63 euros, que serán achegados a partes iguais (uns 464.000 euros) pola CPTOPT e polo Concello.

Segundo este convenio, a Consellería de Política Territorial será a encargada de contratar, executar, dirixir e recibir as obras. Unha vez rematadas estas, transferirá a titularidade da vía ao Concello de Poio.

O Concello, pola súa banda, redactará o proxecto técnico, porá á disposición da CPTOPT os terreos necesarios, reporá os servizos e servidumes afectados, obterá os permisos e licenzas necesarios para realizar a obra e asumirá a titularidade da vía así como a súa explotación, mantemento e conservación.

A PO-308 atravesa, no treito obxecto deste convenio, todo o núcleo urbano de Raxó. Dende ela accédese ás praias de Fonte Maior e de Raxó así como ao Porto de Raxó e nas súas proximidades están o consultorio da Casa do Mar, a igrexa parroquial de San Gregorio e o cemiterio, lugares todos eles de gran importancia para os veciños da zona. Co paso do tempo a estrada deu en converterse na práctica nunha rúa cun intenso tráfico non só local senón tamén comarcal, cara a Sanxenxo, A Lanzada ou O Grove. Nesta travesía os peóns víanse obrigados a circular por beirarrúas en mal estado de conservación ou mesmo polas beiravías e cunetas, todas elas con deficiente iluminación. Así pois, o obxectivo que persegue esta actuación é o de mellorar a seguridade viaria e a mobilidade tanto dos peóns como dos condutores.

## POLÍTICA TERRITORIAL E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS COLABORAN NA MELLORA DA WEB DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA DE GALICIA

- Investirán 400.000 euros en catro anos para a actualización e mantemento do portal que contén o planeamento urbanístico de todos os concellos de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) para o mantemento, actualización e dotación de novos contidos ao portal de internet de información urbanística de Galicia, [www.planeamentourbanistico.xunta.es](http://www.planeamentourbanistico.xunta.es). O obxectivo é que esta web se transforme finalmente nun Sistema de Información Xeográfica (SIX). Para este fin a CPTOPT achegará un total de 200.000 euros, a razón de 50.000 euros anuais, entre 2007 e 2010. Similares cantidades serán achegadas polo COAG ata acadar o total de 400.000 euros que se estima que custará a mellora e actualización da web.

A páxina de Internet que agora se quere mellorar foi posta en servizo a finais de 2003 e nela recóllese a totalidade do planeamento de Galicia dispoñible nos arquivos da Consellería de Política Territorial. Agora preséntase a necesidade dunha constante actualización e da dixitalización da súa información para mellorar o servizo á cidadanía.

Con este convenio, ademais da achega económica, a CPTOPT comprométese a facilitar ao COAG toda a documentación, ferramentas e apoio técnico e estatístico que se consideren necesarios para a realización do traballo. Tamén se compromete a dotar dos programas e equipos informáticos precisos.

Pola súa banda, o COAG achegará os medios humanos para acadar melloras técnicas (navegabilidade nos planos, resolución adaptable ás distintas pantallas ou compatibilidade con varios navegadores), de contido (baleirado do planeamento que se vaia aprobando, mellora dos formatos dos arquivos, creación dun servizo de asesoramento telefónico ou en liña para atender as dúbidas sobre a web ou incorporación de nova cartografía) e organizativas (sistematizar e unificar os criterios de grafismo, simboloxía ou escalas dos plans que presentan os equipos redactores na Dirección Xeral de Urbanismo).

## EDUCACIÓN PROMOVE A EXCELENCIA NAS FUNCIÓNS INVESTIGADORAS DO PROFESORADO UNIVERSITARIO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS

- A Administración educativa autonómica convocará para este curso un total de 20 axudas á intensificación, dunha duración máxima de tres anos académicos e un importe máximo por curso e profesor-investigador de 34.000 euros
- Este programa ten a finalidade de estimular as actividades de investigación de calidade dos profesores-investigadores do SUG e dos grupos de investigación a que están asociados
- Os beneficiarios destas axudas serán profesores-investigadores con dedicación a tempo completo e, polo menos, dous sexenios recoñecidos, que desenvolvan a súa actividade de investigación nas universidades galegas

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se aproba a orde de convocatoria para o curso académico 2006/2007 das axudas do Programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no Sistema Universitario de Galicia (SUG). En total, convocaranse 20 axudas á intensificación, que terán unha duración máxima de tres cursos académicos e un importe máximo por curso académico e profesor-investigador de 34.000 euros.

O importe total destinado a estas axudas é 2.040.000 euros, distribuído equitativamente en tres anualidades e financiado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que achega 1.760.000 euros, e o Ministerio de Educación e Ciencia, que destina os 280.000 euros restantes. As axudas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG para os anos 2007, 2008 e 2009.

Estes fondos proceden das transferencias do MEC para tal efecto e dos orzamentos da Administración educativa autonómica establecidos nun convenio específico, que foi asinado o 30 de decembro de 2006 co obxectivo de desenvolver o protocolo xeral relativo ao Programa de incentivación da actividade investigadora (Programa I3) para o ano 2006 e da addenda económica, referente aos remanentes de 2005.

Neste senso, a Consellería de Educación achegará en 2007 un total de 400.000 euros, investindo o MEC os 280.000 euros restantes. A Administración educativa galega sufragará estas axudas en 2008 e 2009 destinando a tal fin 1.360.000 euros (680.000 euros en cada ano).

Este programa ten a finalidade de estimular as actividades de investigación de calidade dos profesores-investigadores do SUG e dos grupos de investigación a que

están asociados, así como de atender o compromiso establecido no convenio co MEC segundo o recollido na Orde ECI/1520/2005, do 26 de maio, pola que o Ministerio regula o Programa I3. Así, o Programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no SUG ten entre os seus obxectivos o establecemento dunha vía de apoio directo aos profesores-investigadores que por razón da súa actividade científica e tecnolóxica requiran incrementar a súa dedicación intensiva á función de investigación.

Ademais, este programa pretende facilitarles ás universidades a axuda necesaria para que os profesores-investigadores con actividade científica e tecnolóxica relevante e estratéxica poidan intensificar a súa dedicación a actividades de investigación, co seu equipo de investigación e dentro da mesma universidade. Neste senso, o Programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no SUG busca promover nas universidades os mecanismos que favorezan a distribución da carga docente tomando en consideración os requirimentos da actividade investigadora.

Así, dos 34.000 euros que se concederán como axuda máxima para cada intensificación por curso académico e profesor-investigador, un máximo de 3.400 euros cubrirán gastos indirectos da universidade. As axudas irán destinadas á retribución ou compensación económica aplicable á substitución ou redución da actividade docente do profesor-investigador que intensifique a súa actividade investigadora; á contratación, se procede, de persoal de apoio que fose necesario para o desenvolvemento, xestión ou promoción da súa actividade investigadora; e a outros custos que sexan necesarios para contribuír directamente á intensificación da investigación.

#### Excelencia científica e tecnolóxica

Os beneficiarios destas axudas serán profesores-investigadores con dedicación a tempo completo e, polo menos, dous sexenios recoñecidos, que desenvolvan a súa actividade de investigación nas universidades galegas, tendo xerado unha produtividade mínima no período 2004-2006 de 4 publicacións científicas de prestixio internacional que supoñan unha contribución real e non simple rutina.

Neste senso, os aspirantes a estas axudas deberán cumprir unha das dúas condicións seguintes: dirección de 2 ou máis proxectos financiados en convocatorias competitivas de ámbito estatal ou internacional, mantendo polo menos un proxecto activo durante o período de aplicación da intensificación investigadora; ou dirección, polo menos, dun proxecto de investigación financiado en convocatorias competitivas, estatais ou internacionais, así como convenios ou contratos de proxectos de investigación e transferencia de coñecemento con entidades públicas ou empresas privadas cun valor conxunto, como mínimo, de 120.000 euros.





A selección dos beneficiarios das axudas realizarase a partir da suma das valoracións feitas por un panel de avaliadores e pola comisión de selección. O panel de avaliadores estará formado por 10 expertos de fóra do SUG e cubrirán os diferentes ámbitos temáticos da convocatoria. A valoración das solicitudes presentadas referirase á produción e calidade científica dos grupos e candidatos, así como á súa actividade investigadora e á idoneidade da programación proposta de acordo cos obxectivos de cada unha das modalidades da convocatoria.

Ao mesmo tempo, a Comisión de Avaliación atenderá aos criterios de excelencia científica e tecnolóxica, aos obxectivos do Plan Nacional de I+ D+I e da política de investigación da Xunta de Galicia, así como á diversidade entre os ámbitos de coñecemento.



## A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA ZONAS DE MONTES VECIÑAIS DE MUROS, CARNOTA E MAZARICOS PARA EXECUTAR O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA AC-400

- En total, veranse afectados 57.409 m<sup>2</sup> de montes veciñais en man común

A Consellería do Medio Rural declarou a prevalencia da utilidade pública do proxecto de acondicionamento da estrada AC-400 nos concellos de Muros, Carnota e Mazaricos sobre a dos montes veciñais en man común, segundo acordou o Consello da Xunta. En concreto, trátase do treito Muros-Paxareiras ao seu paso polos montes veciñais en man común de Costa Grande, Torea, Cornes, Sestaio, San Mamede e Paxareiras.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou un informe positivo da Delegación Provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lle comunicara o expediente ás comunidades de montes afectadas sen que presentasen alegacións no prazo establecido. Así, propónse que se informe favorablemente a prevalencia da utilidade pública do proxecto sobre a dos montes veciñais, cunha superficie afectada de 123.041 metros cadrados.

Este trámite de declaración de utilidade pública é preceptivo para a aprobación de proxectos de estradas de titularidade autonómica e a necesidade de urxente ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de modificación de servidumes.

No informe maniféstase que debe prevalecer a utilidade pública da obra proxectada sobre a dos montes veciñais afectados, posto que os posibles danos que poidan derivarse da obra sempre serán máis pequenos que o beneficio que reportará tal actuación.

En total, veranse afectados 57.409 m<sup>2</sup> de montes veciñais en man común (MVMC) de Costa Grande; 861 m<sup>2</sup> de MVMC de Torea; 3.190 m<sup>2</sup> de MVMC de Figueiroa; 9.501 m<sup>2</sup> da MVMC de Cornes; 20.936 m<sup>2</sup> de Sestaio, 19.600 m<sup>2</sup> do MVMC de San Mamede e 12.153 m<sup>2</sup> de MVMC de Paxareiras.



## A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE SAN PAIO, EN VIGO

- O Servizo Galego de Saúde xa ten rematado o proxecto básico da construción do novo centro de saúde, que contará con 17 consultas de medicina xeral
- O novo centro está dimensionado para atender a unha poboación de 30.000 habitantes

A Xunta de Galicia aceptou no Consello de hoxe, a cesión dunha parcela de 4.200 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Vigo a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde na parroquia viguesa de San Paio de Navia.

Paralelamente á realización dos trámites para formalizar a cesión dos terreos, o Servizo Galego de Saúde, co obxecto de ir axilizando os tempos das actuacións necesarias para construír o novo centro de saúde, xa adxudicou, mediante concurso público, a redacción do proxecto básico e de execución da obra do novo edificio sanitario, por un importe de 96.722, 44 euros. A empresa adxudicataria foi a Unión Temporal de Empresas integrada por José Ramón Garitaonandía de Vera e Fernando Blanco Guerra. Nestes momentos o proxecto, xa rematado, está en fase de supervisión.

Dezasete consultas de medicina xeral

O proxecto recolle o programa funcional aprobado polo Servizo Galego de Saúde, que deseñou un novo centro de saúde ben dimensionado para asumir e dar resposta a un incremento de poboación previsto nesa parroquia, polo que o novo edificio asistencial está planificado para atender unha poboación futura de 30.000 habitantes.

O programa funcional do centro de saúde de Navia prevé 17 consultas de medicina xeral, 14 enfermaría, e unha área específica con tres consultas de Pediatría e tres de enfermaría pediátrica. Precisamente, neste dimesionamento radica unha das novidades de planificación sanitaria, xa que se prevé que cada facultativo teña a súa propia consulta, sen necesidade de compartila, feito que ademais permitiría absorber crecementos do cadro de persoal.

Ademais contará tamén cunha área de Atención Obstétrica, con consulta de Matrona e sala de Educación Maternal; así como unha área de Odontoloxía con consulta Odontolóxica e outra de Hixienista Dental; e outra consulta de Asistencia Social. Unha sala de cirurxía menor e tres salas polivalentes completarán a dotación do futuro centro de saúde de Navia.

## SANIDADE DESTINA 160.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE TRATAMENTO E REHABILITACIÓN DA DEPENDENCIA ALCOHÓLICA COA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO

- O dito programa ten, entre outros obxectivos, conseguir a abstinencia do alcohol mediante o cumprimento das prescricións e a efectividade clínico-asistencial

A Consellería de Sanidade e o Padroado da Fundación Monte do Gozo asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun Programa de Tratamento e Rehabilitación da Dependencia Alcohólica. Para a realización deste programa, Sanidade destinará 160.000 euros. O texto deste convenio recibiu hoxe o seu visto e praxe por parte do Consello da Xunta.

O dito programa ten, entre outros obxectivos, conseguir a abstinencia do alcohol mediante o cumprimento das prescricións e a efectividade clínico-asistencial; rehabilitar e integrar familiar social e laboralmente ao paciente alcohólico; adquirir novos hábitos; asumir responsabilidades de xeito progresivo; orientar e apoiar á súa familia, e, ademais, promover unha sucesión de ocupacións cada vez máis autónomas.

O programa de tratamento e rehabilitación desenvolverase ao longo deste ano, comprometéndose a Fundación Monte do Gozo a dispoñer dun determinado número de camas para o internamento temporal -segundo criterios facultativos- no centro na Fundación sito na localidade de Bastiagueiro, en Oleiros, e aplicar os programas asistenciais e rehabilitadores aos pacientes con graves e persistentes problemas de dependencia alcohólica.

Os pacientes atendidos no marco deste Programa serán derivados polas unidades da rede de saúde mental e drogodependencias do Servizo Galego de Saúde.

### Plan estratéxico 2006-2011

A atención aos problemas de saúde mental en Galicia está a mellorar notablemente nestes anos. Neste senso, o decreto que regula a saúde mental en Galicia e o Plan Estratéxico de Saúde Mental 2006-2011, supoñen un marco normativo no que se fixan as liñas a seguir na reforma psiquiátrica.

Tal e como se recolle no devandito Plan Estratéxico, o desenvolvemento dos dispositivos de saúde mental do Servizo Galego de Saúde precisa complementarse en áreas específicas para dar unha resposta máis completa ás ditas necesidades asistenciais e, en concreto, a aqueles pacientes con problemas graves e persistentes de alcoholismo que requiren un tratamento en réxime de internamento.



## MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ A AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA ZONA NORTE DO CONCELLO DE LALÍN

- A obra, que ten un orzamento de 193.070 euros, permitirá dotar de redes de subministración aos lugares do Cello, Palio e Rodís

O Concello de Lalín verá mellorada a súa rede de subministración de auga, grazas ao proxecto aprobado hoxe no consello da Xunta. A actuación consiste na ampliación dos servizos de abastecementos da zona norte da localidade pontevedresa e será financiada integramente pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

As obras consistirán na dotación de redes de subministración de auga aos lugares do Cello, Palio e Rodís, que garantirá aos residentes nestas zonas unha estabilidade e a calidade no caudal, con independencia dos pozos subterráneos existentes. O proxecto conta cun prazo de execución de tres meses e un orzamento de 193.070 euros, que serán financiados na súa totalidade pola administración hidráulica.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 950.000 EUROS NA DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO AO CONCELLO DE PIÑOR

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 950.000 euros na dotación de servizos de subministración de auga ao Concello de Piñor, na provincia de Ourense. O proxecto, aprobado no consello da Xunta celebrado hoxe, consistirá na construción dunha Estación de Auga Potable (Etap), dous depósitos e unha rede de distribución en alta.

A obra, que será financiada integramente pola administración hidráulica, é resultado dunha serie de estudos previos, nos que se analizaron os depósitos existentes e súa interconexión, os problemas da rede, tanto en falla de subministración como en seccións insuficientes; así como os distintos mananciais que abastecen os depósitos actuais. Despois de ter realizado estes traballos, acordouse facer unha captación de auga no río Arenteiro e un bombeo baixo o núcleo da Derramada, a construción dunha Etap e da rede de distribución no citado lugar da Derramada.

O proxecto, que será financiado con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro ano da Administración hidráulica, conta cun prazo de execución de 12 meses.



## MARTA SOUTO, NOMEADA DIRECTORA XERAL PARA O DEPORTE

Marta Patricia Souto González (Vigo, 1964) é licenciada en Filloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e cursou tamén estudos de Socioloxía e Políticas. Ata hoxe Souto era a delegada da Consellaría de Cultura e Deporte en Pontevedra.

Estivo ligada desde nova ao mundo do deporte, sobre todo o ciclismo e a vela. Ten experiencia en organización de eventos deportivos e foi adestradora de fútbol-sala.

No eido profesional, traballou como profesora de Lingua e Literatura Galega ata 1992, cando pasou a ser responsable do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. Fundou, xunto con outros técnicos, a Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización Lingüística (CTNL), da que foi membro da súa directiva durante os primeiros anos.

Escribiu en distintas publicacións sobre temas lingüísticos e sociolingüísticos e participou na Ponencia de Lingua encargada de redactar as liñas básicas para un novo Estatuto de Galicia.